

ACTA Nº 11/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 15 DE MARZO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 15 de marzo de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 09/10, do 1 de marzo de 2010, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 12/2010 – D.^a PATRICIA FERVENZA CAMAÑO presenta estudo técnico para conservación de cuberta e limpeza de fachadas nas Barxas nº 21, redactado por D. José Buceta Amoedo (arquitecto técnico) e visado o 1 de febreiro de 2010,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 8 de marzo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA CONSERVACIÓN DE CUBERTA E LIMPEZA DE FACHADAS (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenzas das obras de conservación e ornato definidas na documentación técnica presentada.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outógase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cubrición e ornato da edificación con chorreo e pintado nas fachadas según se describe na memoria-objeto do estudo técnico. Preservará o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	172,20 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

2.B) EXPTE. 209/2008 – D. JOSÉ FERNÁNDEZ ROMÁN presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiliar e reparación da cuberta da vivenda, situada na Avda. José Costa Alonso, núm. 50, do barrio do Con – Moaña, redactado polo arquitecto técnico D José Buceta Amoedo, visado o 20.10.09,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 8 de marzo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE REPARACIÓN DE CUBERTA CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenzadas obras de conservación definidas en proxecto.**

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo coas seguintes condicións:

Manter a tella plana.

Manterase a cor da pintura de fachada.

As obras serán de mera conservación da cuberta, quedando expresamente prohibido a substitución de elementos estruturais ao abeiro desta resolución, e non afectarán ao volume nin morfoloxía do inmovible.

Non poderán aumentar en altura o cume do tellado, nin o volume nin a superficie útil habitable do baixo-cuberta e manterase as pendentes actuais das vertentes do tellado.

Non se autoriza a apertura de bufardas nin novos ocos na cuberta e de facer novos remates das chemineas responderán aos tipos tradicionais, revestíndoas de pedra ou revocándoas e pintándoas.

As canles, baixantes, ou calquera outro elemento necesario para a execución do saneamento visto, serán de sección circulares sen molduras a base de cinc, cobre, etc., prohibese expresamente o PVC

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria constructiva do proxecto así como a conservación exterior da edificación preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	168,92 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.- OBRAS MENORES – PECHES

Visto os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circunscrición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 71/09, D. ESTEBAN PAZ PIÑEIRO solicita a construción de peche na parcela da súa propiedade sita nos Piñeiros, núm. 2A, coas seguintes características: un muro de 32'80 ml e 1'70 m de altura, a base de formigón, tubos e malla metálica e un peche de 60,15 ml e 1,50 m. de altura a base de postes prefabricados de formigón e malla metálica, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 9 de marzo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE DE PARCELA (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa de Augas de Galicia.

Quedarán condicionados:

Retranqueo mínimo do eixo do camiño será de 4,00 metros.

As obras solicitadas consisten en peche perimetral de finca nuha lonxitude de 92,95 metros dos cales 32,80 se proxectan cun zócalo de formigán de altura 0,50 metros e malla metálica cunha altura máxima de 1,70m sensiblemente paralelo ao regato a unha distancia mínima de 5 metros do dominio público hidráulico e o resto de postes e malla de 1,50 m. de altura a unha distancia mínima de 9,50 do dominio público hidráulico.

Manterase permanentemente expedita a zona de servidume de paso, consistente nuha banda de 5 metros de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

Prohíbese expresamente utilizar as marxes fluviais e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parques de maquinaria e en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteración do ecosistema asociado.

Durante a fase de construción extremarase as precaucións coa retirada de cascallos das marxes, co obxecto posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica do canle.

Prohíbese a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira da zona de servidume e deberáse repoñer a que poida resultar afectada pola execución dos traballos autorizados.

Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen algunha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc, ata conseguir a súa situación primitiva.

As obras comezarán no prazo de dous meses, contando a partir do día seguinte ao da recepción desta autorización. Este inicio dos traballos comonicaráselle a Augas de Galicia. As obras obras deberán estar rermatadas no prazo de doce meses a partir do seu comezo. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, a non ser que se solicite e se obteña unha prorroga antes do esgotamento do prazo.

Rematadas as obras, comunicaráselle ao organismo autónomo Augas de Galicia para o seu recoñecemento final.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	61,44 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

3.B) EXPTE. 167/09, D.^a RAMONA MAGDALENO CORDEIRO solicita o adecentamento de muros de mampostería dunha construción existente; a base de chorreo, limpeza e encintado con cemento branco e area, situada no barrio de Igrexario-Tirán, de conformidade coa documentación presentada. Superficie total do encintado: 90,00 m2. Orzamento: 960 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 9 de marzo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ORNATO DE MURO DE MAMPOSTERÍA (OBRA MENOR)

INFORME: Procede licenza de acordo coa memoria construtiva presentada.

Require informes sectoriais.

No expediente consta informe favorable da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo sobre a legalización e consolidación de muro tradicional.

Acordo de incoación de procedemento sancionador da Consellería de Cultura e Turism. Num. Expediente: S-P-18.09

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construcción 26,88 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

4.- LICENZAS DE APERTURA

EXPTE. 16/10 – D.^a MERCEDES GARCÍA GONZÁLEZ solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 22 de febreiro de 2010, licenza de apertura de local destinado a oficina na rúa Bernardino Graña, nº 1, local 10.

Visto o informe do aparelador municipal do 8 de marzo de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A OFICINA.

INFORME: Procede licenza de apertura para establecemento comercial destinado a oficina a favor de Mercedes García Gonzalez.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 64/2006 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 24 de xullo de 2006 e licenza de primeira ocupación de 2 de febreiro de 2009.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipal para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 28 de febreiro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **OFICINA** cuxo titular resulta ser **Dna. Mercedes García González**, a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 64/2006) outorgada pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 24.07.2006, presenta a licenza de primeira ocupación outorgada pola xunta de Goberno Local no día 02.de febreiro de.2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **Dna. MERCEDES GARCÍA GONZÁLEZ** licenza de apertura para establecemento comercial destinado a OFICINA no local situado na rúa Bernardino Graña, 1º local 10, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

5.- CAMBIO DE TITULAR DE LICENZA DE APERTURA

EXPEDIENTE 17/10 – D. IGNACIO COUSO PALMÁS

Vista a instancia presentada o día 8 de marzo de 2010 por Don Ignacio Couso Palmás, na que expón que solicita o cambio de titularidade da licenza municipal de apertura do local situado na rúa Fragata Blanca, nº 1, baixo, que está a nome de D. José Manuel Martínez Vieitez.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 8 de marzo de 2010, que literalmente di:

A petición do Concelleiro Delegado de Urbanismo, en data do 08.03.10, en relación coa solicitude presentada por D. Ignacio Couso Palmás, na data do 03.03.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome dunha Licenza de Apertura de CAFÉ – BAR ESPECIAL sito na rúa Almansa nº 4, baixo, O Real, pertencente a D. José Manuel Martínez Vieitez, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFE-BAR ESPECIAL, sito na rúa Almansa nº 4, baixo, O Real, pertencente a D. José Manuel Martínez Vieitez. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data 18.02.2002**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR EXPECIAL, pertencente a D. José Manuel Martínez Vieitez, aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data 18.02.2002**, a favor de **D. IGNACIO COUSO PALMÁS**.

6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

6.A) SOLICITUDE DE PRÓRROGA

D. José Luis Álvarez Souto, como administrador da entidade mercantil MONTE DO CON PROMOTORA, S.L., expón por escrito con entrada no Concello o día 1 de xullo de 2009, que na Xunta de Goberno Local do 18.09.06 se lle concedeu licenza para unha vivenda unifamiliar aillada na parcela 4 do Plan Parcial Monte do Con –expte. 89/06-, de acordo co proxecto redactado polo arquitecto D. Javier Rial Lemos, visado o 02.06.06. Indica que transcorreu o prazo de tres anos para a conclusión das obras e que foi imposible terminalas, polo que solicita unha prórroga.

Visto o informe do aparellador municipal do día 10 de marzo de 2010, que di:

Ante a petición formulada por **José Luis Alvarez Souto** en calidade de administrador da entidade **Monte do Con Promotora, S.L** titular dunha licenza (EXP.: 89/06) concedida en Xunta de Goberno Local de 18 de setembro de 2006 para unha vivenda unifamiliar, a teor do disposto no apartado 2 do artigo 197 da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia procede conceder prórroga dos prazos outorgados na licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior o inicialmente acordado.

Liquidación provisoria de tributos

Prórroga licenza urbanística..... 35,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a prórroga solicitada, nos termos recollidos no informe do aparellador municipal.

6.B) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE TEATRO DO MORCEGO, S.L.

Vista a solicitude de D.CELSO PARADA FERNANDEZ en representación de TEATRO DO MORCEGO, S.L. na que presenta proxecto de execución para plato de grabación e hotel apartamento de dúas estrelas, visado no 10 de febreiro de 2010, correspondente ao expediente nº 03/2009,

Visto o informe do aparellador municipal do 8 de marzo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA PLATÓ DE GRABACIÓN E HOTEL-APARTAMENTOS DE DUAS ESTRELAS.

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 03/09 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 03/2009.**

6.C) REMISIÓN DE INFORME

Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da autorización de vertido de augas residuais, solicitado por 2 RÍAS, S.L., CLAVE: DH.V36.15647.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de marzo de 2010, que literalmente di:

En relación do escrito remitido por Augas de Galicia, organismo autónomo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas- Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico – sobre a autorización de vertido de augas residuais industriais xeradas na depuradora de moluscos sita no L/ de Latán, nº 235-Meira.Moaña, **CLAVE: DH.V36.15647**, cuxo titular resulta ser **2 RÍAS, S.L** que presenta a proposta de vertido de augas residuais fecais a rede de saneamento do Concello con depuración posterior na EDAR e as residuais industriais xeradas na depuradora de moluscos a Ría de Vigo, este Concello non opón considerando algún so presente proxecto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas - Augas de Galicia, Demarcación Galicia Sur.**

6.D) REMISIÓN DE INFORME

Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da autorización para a realización de obras para *LMTS URBANIZACIÓN MONTE DO CON CON MUELLE*, solicitado por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, Expte.: A-PO 2009/180.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 10 de marzo de 2010, que literalmente di:

En relación co escrito remitido pola Axencia de Protección d aLegalidade Urbanística, Servizo Provincial de Pontevedra, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, relativo a solicitude promovida por Unión Fenosa Distribución para LMTS URBANIZACION MONTE DO CON MUELLE no termo municipal e Moaña (**Expte.: A-PO 2009/180**), o técnico que suscribe ten aben informar que a traza pola cal discurre a canalización resulta ser sistema viario de solo urbano.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas - Axencia de protección da legalidade urbanística.**

7.- PROPOSTAS DE GASTOS

7.A) Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a seguinte proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
CULTURA	6 PLACAS GRAVADAS: Agasallos para a certame coral de San Xosé.	RÍO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.	3340 22601 RC 269	27,84 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009, prorrogado ao 2010, acreditado pola retención de crédito para gastos que a proposta da concellería de facenda se efectúan nas partidas mencionadas

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar a propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na tabla.

7.B) PROPOSTA DE GASTOS DERIVADOS DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DE MEIRA.

Vista a proposta da Alcaldía de data 15 de marzo de 2010 que di:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a Clube de xubilados de Meira.

Conforme coa cláusula décimo segunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, **enerxía eléctrica**, de subministro de agua, recollida do lixo,

O arrendador do local presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

GAS NATURAL, S.U.R. 2410011175049 (011209 a 22012010) 457,07 euros
GAS NATURAL, S.U.R. 0110212529209 (210110 a 22022010) 184,92 euros

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de HERMANOS PIDRE COBAS, C.B., por importe de 641,99 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica, con cargo á partida orzamentaria 2310 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **recoñecer a obriga por importe de 641,99 euros a favor de Hermanos Pidre Cobas, CB, en concepto de enerxía eléctrica do Clube de xubilados de Meira**, con cargo á partida orzamentaria 2310 20200, RC 271.

7.C) PROPOSTA DE GASTOS DERIVADOS DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DO LOCAL DESTINADO A CENTRO CULTURAL DO REAL.

Vista a proposta da Alcaldía de data 15 de marzo de 2010 que di:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a centro cultural de O Real.

Conforme coa cláusula cuarta do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, **enerxía eléctrica**, de subministro de agua, recollida do lixo,

O arrendador do local presenta en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

GAS NATURAL, S.U.R. 2410011187362 (241209 a 22012010) 12,59 euros
GAS NATURAL, S.U.R. 0110212719502 (240110 a 23022010) 16,79 euros

Na súa consecuencia propono:

Recoñecemento da obriga a favor de MANUEL SANTOMÉ GESTIDO, por importe de 29,38 euros, en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica, con cargo á partida orzamentaria 3340 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **recoñecer a obriga por importe de 29,38 euros a favor de Manuel Santomé Gestido, en concepto de enerxía eléctrica do centro cultural do Real**, con cargo á partida orzamentaria 3340 20200, RC 270.

8.- CORRECCIÓN DE PARTIDAS EN ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse conta do informe do interventor de data 11 de marzo de 2010, que di que por erro se consignaron partidas orzamentarias inadecuadas a diversos gastos aprobados na Xunta de Goberno, e propón que se corrixa no seguinte sentido:

- Xunta de Goberno Local de data 01.02.2010: programa do entroido 2010, **deberá figurar a partida 3340 22612** en lugar de 3340 22609.
- Xunta de Goberno Local de data 08.02.2010: control de plagas no Concello, **deberá figurar a partida 3130 22700** en lugar de 3130 22711.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se rectifiquen as partidas recollidas nos acordos indicados no informe do interventor, quedando:

- acordo da Xunta de Goberno Local de data 01.02.2010: programa do entroido 2010, **partida 3340 22612**.
- acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.02.2010: control de plagas no Concello, **partida 3130 22700**.

9.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 12 de marzo de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. IBERDROLA GENERACIÓN, S.A.U. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

***Iberdrola Generación S.A.U. (CIF A95075586)**

BASE DA TAXA (euros)

IMPORTE TAXA (euros)
BASE*0,015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Iberdrola Generación SAU. por 47,18 euros polos período recollido no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

10.- SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE FIANZAS E AVAIS

10.A) DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR URBANIZACIÓN –EXPTE. 158/05

Visto o escrito presentado por D. Eugenio Gayo Carballo no que expón que finalizou as obras do expediente 158/05 –vivenda unifamiliar-, que xa ten licenza de primeira ocupación e solicita a devolución da fianza de 439,50 euros depositada.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 4 de marzo de 2010,

Visto o informe favorable da tesoureira do 12 de marzo de 2010, á devolución da fianza depositada por D. Eugenio Gayo Carballo, expte. de obra 158/05, por importe de 439,50 euros, (nº de documento 2005-349-0),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada da fianza por importe de 439,50 euros a favor do seu promotor D. Eugenio Gayo Carballo.

10.B) DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR URBANIZACIÓN –EXPTE. 212/05

Visto o escrito presentado por D. Manuel Rodríguez Calvar no que expón que obtivo a licenza de primeira ocupación do expediente de obras 212/05 –vivenda unifamiliar adosada-, achega documentación e solicita a devolución da fianza depositada para responder dos gastos de urbanización.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 12 de marzo de 2010,

Visto o informe favorable da tesoureira do 12 de marzo de 2010, á devolución da fianza depositada por D. Manuel Rodríguez Calvar, expte. de obra 212/05, por importe de 180 euros, (nº de documento 2005-412-0),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada da fianza por urbanización, de importe 180 euros, a favor do seu promotor D. Manuel Rodríguez Calvar.

10.C) DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR URBANIZACIÓN –EXPTE. 135/06

Visto o escrito presentado por D. Esteban García Alfaro e D.^a M^a Carmen Blázquez Ríos, no que expoñen que obtiveron a licenza de primeira ocupación do expediente de

obras 135/06 –vivienda unifamiliar-, achegan documentación e solicita a devolución da fianza depositada para responder dos gastos de urbanización.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico municipal de data 12 de marzo de 2010,

Visto o informe favorable da tesoureira do 12 de marzo de 2010, á devolución da fianza depositada polos solicitantes, expte. de obra 135/06, por importe de 360 euros, (nº de documento 2006-560-0),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada da fianza de urbanización, de importe 360 euros, a favor dos seus promotores D.Esteban García Alfaro e D.^a María Carmen Blázquez Ríos.

10.D) DEVOLUCIÓN DE AVAL POR EXECUCIÓN DE CONTRATO

Visto o escrito da empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U. no que solicitan a devolución do aval definitivo da obra de “Servizo de mantemento e aforro enerxético” da entidade Crédito e Caución, co número 3.665.321 de data 07 de xullo de 2004, por importe de 9.600,00 euros,

Visto o informe favorable á devolución emitido polo secretario municipal, de data 3 de marzo de 2010,

Visto o informe favorable da tesoureira do 12 de marzo de 2010, á devolución da fianza definitiva depositada por CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, para responder da execución do contrato de mantemento e aforro enerxético, por importe de 9.600,00 euros (nº de documento 2004-318-0),

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada por CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.A.U. do aval definitiva por importe de 9.600,00 euros depositado para responder da execución do contrato de mantemento e aforro enerxético.

11.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE VEHÍCULO PARA SERVICIOS

Na Xunta de Goberno Local do 2 de xullo de 2007 acordouse alugar un vehículo PICK-UP, 4 x 4, para o departamento de Servizos. Unha vez acordado, o arrendamento fíxose con Electroauto Cangas, S.L., empresa que subministrou un vehículo Ford Ranger matrícula 8453 CJC, nº de bastidor WFOLMFE403W330919, de cor branca. A empresa corría cos gastos do seguro e o Concello debía facerse cargo dos posible danos que lle ocorreran ao vehículo.

No mes de agosto de 2008, a empresa Electroauto Cangas, S.L., mediante documento, cede ao Concello de Moaña a propiedade do devandito vehículo Ford Ranger.

Visto que ata a data non se ten realizado o cambio de titularidade do vehículo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar a cesión do vehículo FORD RANGER matrícula 8453 CJC feita por Electroauto Cangas, S.L., e, xa que logo, que se faga a debida transferencia da titularidade do vehículo na Dirección Xeral de Tráfico, de Electroauto Cangas SL a titularidade municipal.

12.- MODIFICACIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe da traballadora social do 5 de marzo de 2010 sobre modificación no número de horas prestadas do SAF a D.^a Eugenia Corrales Gayo e D.^a María Luisa García del Rio,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:
Primeiro: Que D.^a Eugenia Corrales Gayo pague 28 euros correspondentes ao mes de decembro, 48€ ao mes de xaneiro e 50 €/mes a partir do mes de marzo.
Segundo: Que D.^a María Luísa García del Rio pague 31 €/mes con efectos desde o 1 de decembro.

13.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGAS E SANEAMENTO

Visto o informe do 5 de marzo de 2010 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, no que indica as seguintes persoas que cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe da traballadora social, acorda:

Primeiro: Aprobar a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

- D. Francisco Martínez Blanco. Miranda, 162. Seara.
- D. José Santomé Boubeta. r/ Piñeiro, 9
- D.^a Modesta Fandiño Rodríguez. A Lameira, 249..
- D. Nabor Pena Meira. A Miranda, 13.
- D.^a Matilde Nores Casqueiro. r/ As Barxas, 9 – 1ºB
- D.^a M.^a Isabel Rosales Curro. Palmás, 210. Domaio
- D.^a América Rúa Sartié. r/ Doutor Soage Hermida, 102. Abelendo.
- D. Manuel Boubeta Boubeta. r/ A Xeira, 66
- D.^a Rosa Pérez Trigo. r/ do Pico, 22. Meira.
- D.^a Angustia Barcia Pérez. r/ O Piñeiro, 29. Verducedo.
- D.^a Lucía del Rio Torres. r/ Quintela, 218.

- D^a Aurora Pidre Cobas. r/ Gándar, 110.
- D^a Luisa Otero Castro. r/ Prado das Barxas, 4 A. Po 1 B.
- D^a. Carmen Martínez Trigo. r/ Abelendo, 218.
- D.^a Pilar Juncal Regueira. r/ A Guía, 230 (Ribeira).

Segundo: Notificarlle o acordo a Aqualia.

14.- CORRECCIÓN PADRÓN DE VADOS 2006.

A xefa de negociado de taxas do ORAL, por oficio do 3 de marzo de 2010, solicita informe en relación ao recurso presentado por D.^a Eloisa Juncal Carballo, referente ás taxas –vado- co obxecto tributario sito na Avda. Fragata Almansa, 9, vado 136 – Tirán, no que solicita a anulación do recibo do ano 2006, por non ter nin vado nin praza de garaxe.

Visto que cando se lle fixo a comunicación á señora Juncal da súa inclusión no padrón de vados houbo un erro no enderezo ao que se lle enviou a notificación, non sendo o correcto, motivo polo que non soubo que estaba incluída no padrón de vados e non puido facer reclamación ningunha,

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do 3 de marzo de 2010 sobre inspección ocular realizada na rúa Fragata Blanca, núm. 9, Moaña no que indica que hai unha placa de pasaxe permanente co nº 149,

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do 12 de marzo de 2010 que reflicte que se comprobou que a Comunidade de Propietarios do edificio “Juncal Mar”, sito no nº 9 da rúa Fragata Blanca posúe unha entrada de garaxe dende o nº 10-12 da rúa Almansa, co seu correspondente vado nº 136; e que o vado nº 149 da entrada de garaxe sito no nº 9 da rúa Fragata Blanca, é propiedade de M^a del Carmen Fernández Jalda, con domicilio na rúa Almansa, 26,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: proceder á corrección do Padrón de Vados e atribuírle á Comunidade de Propietarios do edificio Juncal Mar, con domicilio no nº 9 da rúa Fragata Blanca, o vado nº 136 (garaxe no nº 10-12 da rúa Fragata Almansa); e atribuírle o vado nº 149 da entrada de garaxe do nº 9 da rúa Fragata Blanca a D.^a María del Carmen Fernández Jalda –con domicilio na rúa Almansa, 26-.

Segundo: eliminar do Padrón de vados a D.^a Eloisa Juncal Carballo por carecer de vado, a quen se lle atribuíu o vado nº 136.

Terceiro: trasladarlle o acordo aos interesados

Cuarto: trasladarlle o acordo á ORAL para que proceda á corrección do padrón de Vados do ano 2006 e posteriores.

15.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “OBRAS DE REFORMA INTERIOR NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE TIRÁN, QUINTELA E O REAL (MOAÑA).”

En Xunta de Goberno de data 1 de marzo de 2010 aprobouse o proxecto de “Obras de reforma interior nos colexios públicos de Tirán, Quintela e O Real (Moaña)”, obra incluída no Fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local. O proxecto foi redactado polo Arquitecto Técnico Municipal D. Xosé Manuel Carballo Moldes, e conta cun importe de execución por contrata de CORENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS IVE incluído (45.296,91 €) (39.049,06 € + 6.247,85 € de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa ESCAYOLAS DEL MORRAZO S.L., recibíndose oferta da mesma de data 10 de marzo de 2010.

Á oferta presenta as seguintes condicións: ESCAYOLAS DO MORRAZO S.L.: Prezo: CORENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS IVE incluído (45.296,91 €) (39.049,06 € + 6.247,85 € de IVE). Prazo de execución: Dende o 1 de xuño ata o 20 de agosto de 2010. Contratación de un traballador durante o período de tempo da duración das obras.

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra.

Atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a delegación de competencia da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a Proposta de adxudicación e aprobación de gasto en relación ca contratación da obra “Reforma interior nos colexios públicos de Tirán, Quintela e O Real (Moaña).”

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato menor da obra “Reforma interior nos colexios públicos de Tirán, Quintela e O Real (Moaña)” á empresa ESCAYOLAS DEL MORRAZO S.L. por un importe total de CORENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS IVE incluído (45.296,91 €) (39.049,06 € + 6.247,85 € de IVE), conforme ao Orzamento presentado por esta empresa, cun prazo de execución dende o 1 de xuño ata o 20 de agosto de 2010 e o compromiso de contratación de un traballador durante o período de tempo da duración das obras.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á partida de Gastos 3210.63202 do Orzamento Municipal por importe de 45.296,91 euros.

CUARTO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 1.952,45 Euros e se lle cite para que nos 15 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

QUINTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.

16.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “ACOMETIDA ELÉCTRICA EN BAIXA TENSIÓN AO CANÍL MUNICIPAL”

Redactado, a instancias do Concello, proxecto para a execución da obra “Acometida eléctrica en baixa tensión ao caníl municipal”, polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Ángel Blanco Rodiño, e conta cun importe de execución por contrata de CATORCE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS, IVE incluído (14.999,94 €) (12.930,98 € + 2.068,96 € de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa TENDIDOS MONCOSA S.A.

Á oferta presenta as seguintes condicións: Prezo: CATORCE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS, IVE incluído (14.999,94 €) (12.930,98 € + 2.068,96 € de IVE)

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra.

Atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a delegación de competencia da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a Proposta de adxudicación e aprobación de gasto en relación ca contratación da obra “Acometida eléctrica en baixa tensión ao caníl municipal.”

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato menor da obra “Acometida eléctrica en baixa tensión ao caníl municipal” á empresa TENDIDOS MONCOSA S.A. por un importe total de CATORCE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS, IVE incluído (14.999,94 €) (12.930,98 € + 2.068,96 € de IVE), conforme ao Orzamento presentado por esta empresa.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á partida de Gastos 3130.61104 do Orzamento Municipal por importe de 14.999,94 euros.

CUARTO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 646,549 Euros e se lle cite para que nos 15 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

QUINTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.”

17.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE DOMAIO (MOAÑA)”

Examinado o expediente para a contratación por PROCEDIMIENTO ABERTO, tramitación urgente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 9 de marzo de 2010 da obra: “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)” proxecto redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2010, e que conta cun importe de execución por contrata de CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL SETECENTOS OITENTA E SEIS EUROS E NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (554.786,97 euros). (478.264,63 euros + 76.522,34 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación da obra por procedemento aberto e varios criterios de adxudicación, e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra, ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente, e onde se recomenda a rectificación de algún dos apartados dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 15 de marzo de 2010, acordando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados: Declaración da necesidade e idoneidade do contrato, informe xeotécnico, Estudo de seguridade e saúde das obras, Plan de obra no que se determine custo e tempo das obras prego de prescricións técnicas e a Acta de replanteo do proxecto. Entende a Xunta de Goberno que é competente para a aprobación do proxecto por figurar incorporada aos Orzamentos previsión logo da modificación de crédito aprobada.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto, tramitación urgente para a adxudicación da obra “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)” redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, e que conta cun importe de execución por contrata de CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL SETECENTOS OITENTA E SEIS EUROS E NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (554.786,97 euros). (478.264,63 euros + 76.522,34 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento aberto.

CUARTO.- Publica-lo anuncio de licitación, tal como se establece no citado prego, no B.O.P e no perfil do contratante, deixando constancia de todo elo no expediente.

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 554.786,97 euros con cargo á partida 3420.63201 con cargo ao orzamento municipal do ano 2010.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

18.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO E UNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MOAÑA”

En data 10 de marzo de 2010, a Mesa de contratación constituída na licitación do servizo de axuda no fogar do Concello de Moaña celebrou a última sesión ás 12,05 horas, emitindo proposta de adxudicación, proposta que se recolle na Acta da Mesa que se expón a continuación:

“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Moaña, a 10 de marzo de dous mil dez.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Moaña, ás 12:05 horas, constitúese a Mesa de Contratación para contratar o servizo de axuda no fogar do Concello de Moaña integrada polo Sr. Alcalde, como Presidente, e D. Víctor Pastoriza Lino, representante do PSOE, D. Angel González Riobó, representante do PP, D. Valentín Piñeiro Rodríguez, representante do BNG, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, D. José Antonio Graña Santaclara, Interventor Municipal, Dna. Mr Soage Bernárdez, técnico de servizos Sociais e Dna. María Torea Pregel, redactora do estudo económico do servizo como Vocais. Actúa como Secretario da Mesa de Contratación, D. José Rodríguez Veloso, administrativo de Secretaría, que da fe do acto.

Trasladouse a día de hoxe a Mesa constituída na licitación do servizo de axuda no fogar do Concello de Moaña para proceder á valoración das ofertas presentadas, á vista do informe da técnica redactora do estudo económico e financeiro, de data 4 de marzo de 2010:

“INFORME TÉCNICO SOBRE A VIABILIDADE ECONÓMICA E FINANCEIRA DAS PROPOSICIÓNS PRESENTADAS AO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a licitación do contrato de prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Moaña mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria.

INFORME:

A cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares establece que no sobre nº 2 de proposición para a licitación, os licitadores debían incluír a súa oferta económica, tendo en conta que:

“Na proposición, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 6 do presente prego, deberá indicarse, como partida independente, o importe do I.V.E. que deba ser repercutido.

A proposición económica irá acompañada dun estudo de custos referido aos 2 anos de contrato (máis 2 de posible prórroga), que demostre a viabilidade da execución do contrato de acordo co prezo/hora ofertado e as demais condicións técnicas e administrativas recollidas nestes pregos.”

Unha vez comprobado que ningunha das tres proposicións presentadas ao procedemento de licitación son anormais ou desproporcionadas de acordo cos criterios establecidos na cláusula 17.4 do prego de cláusulas administrativas, procédese a continuación á avaliación dos estudos de custos das tres ofertas, que deberían demostrar a viabilidade da execución do contrato de acordo co prezo/hora ofertado e as demais condicións técnicas e administrativas esixidas.

a) PROPOSICIÓN DE IDADES S.L.

Prezo/ hora ofertado: 9,80 euros (IVE non incluído).

Orzamento de licitación: 345.100,62

Importe desagregado por anualidades (IVE non incluído):

2010: 76.444,55

2011: 82.655,67

2012: 89.373,65

2013: 96.626,75

Os importes por anualidades, deberían ser o resultado de multiplicar o prezo/hora ofertado polas horas de servizos previstos para cada anualidade no estudo económico financeiro que acompaña o prego de licitación, sen embargo na proposta desta empresa as cifras non coinciden, xa que multiplicando un prezo/hora de 9,80 por 7.800 horas de servizos que se prevé prestar o primeiro ano no estudo económico financeiro que acompaña o prego de licitación, obtense a cantidade de 76.440 euros, existindo unha desviación de 4,55 euros respecto ao importe reflectido na proposta para o primeiro ano. Esta desviación, de escasa contía, mantense en similares datos nas seguintes anualidades.

En canto ao estudo de custos que acompaña a proposta, este consiste nun único cadro de resultados plurianuais previstos. Este estudo non demostra a viabilidade da execución do contrato de acordo co prezo/hora ofertado e as demais condicións técnicas e administrativas esixibles polos seguintes motivos:

- No relativo a gastos de persoal non se especifica o número de persoas que se van destinar á prestación do servizo, por tanto non se sabe qué persoal se está imputando a estes gastos de persoal. Na relación de medios persoais e materiais tampouco se especifica.

Tampouco se especifica baixo que convenio colectivo vai estar contratado o persoal do servizo, nin se adxunta copia de ningún convenio, nin existe referencia a ningún.

Como consecuencia do anterior resulta imposible determinar como foi calculada a cantidade de 66.357,74 euros que figura como gastos de persoal para o primeiro ano.

Sen embargo, debe terse en conta que no estudo económico financeiro que acompaña o prego de licitación establecíanse para o primeiro ano uns custos de salarios e seguros sociais de 70.596,46 euros, contemplando o persoal mínimo necesario para a prestación do servizo e o convenio colectivo naquel momento vixente máis as súas actualizacións. Dado que, ademais, existe unha actualización do convenio colectivo de aplicación de data posterior (publicado no DOG nº 31 do 16/2/2010) que incrementa lixeiramente os salarios respecto aos que se estimaron no estudo económico financeiro que acompaña o prego, a cantidade consignada no estudo de custos da empresa para gastos de persoal parece insuficiente.

- Nas restantes partidas de gastos do estudo de custos desta empresa dáse a mesma falta de especificación. Existen unha serie de cantidades asignadas a outros gastos de explotación, amortización de inmovilizado, outros resultados e gastos financeiros, sen que en ningún dos casos se especifique como se calculan estas cantidades.

- Sobre esta oferta cabe mencionar ademais que aínda que no prego de cláusulas administrativas non se esixía que os licitadores entregaran copia de convenio ou realizaran mención ao convenio colectivo a aplicar, a aplicación aos traballadores do convenio colectivo vixente para este sector en Galicia é necesario para garantir o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, condición que si se esixe no prego na súa cláusula 23.3 ao contratista.

b) PROPOSTA DE ALDAO GONZÁLEZ SUSANA 000585232X- SLNE (NA CASA).

Prezo/ hora ofertado: 10,70 euros (IVE non incluído).

Orzamento de licitación: 362.088,11

Importe desagregado por anualidades (IVE non incluído):

2010: 85.899,60

2011: 88.476,59

2012: 92.015,65

2013: 95.696,27

O prezo/ hora ofertado por esta empresa 10,70 euros, é inferior ao prezo máximo de licitación por hora establecido na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, 10,99 euros.

Sen embargo, o prezo de licitación para o ano 2010, por importe de 85.899,60 euros, supera o máximo permitido no prego, 85.727,10 euros. O importe desta primeira anualidade debería ser o resultado de multiplicar o prezo/hora ofertado polas horas de servizos previstos para esta anualidade no estudo económico financeiro que acompaña o prego de licitación (650 horas ao mes, 7.800 horas ao ano), sen embargo na proposta desta empresa multiplicouse o prezo/hora ofertado, 10,70 euros, por unha cantidade superior, 669 horas ao mes, que son 8.028 horas ao ano. Esta cantidade superior, 669 horas de servizo ao mes, foi extraída pola empresa proponente non do informe da traballadora social que figura no estudo económico financeiro que acompaña o prego de licitación, si non doutro informe distinto que figura na última páxina do prego de condicións técnicas.

Os prezos de licitación para o resto das anualidades non superan os establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, e o orzamento total de licitación para as catro anualidades tampouco supera o máximo do prego.

En canto ao estudo de custos que acompaña a proposta, para o cálculo de custos de persoal a proponente aplica o convenio colectivo actualmente vixente para a actividade de axuda a domicilio (publicado no DOG nº 31 do 16/2/2010) e adxunta copia do mesmo.

O estudo económico presentado refírese a un único ano de actividade, non aos dous anos de contrato e dous de posible prórroga que indica o prego. No ano de actividade que se reflicte, aínda que de forma moi breve e incompleta, demostrase a viabilidade económica e financeira da prestación do servizo para un usuario e con un traballador. Tendo en conta o carácter extrapolable dos resultados, pódese considerar que se demostra a viabilidade para o primeiro ano de prestación do servizo.

c) PROPOSTA DE PRETO DE TÍ S.L.

Prezo/ hora ofertado: 10,73 euros (IVE non incluído).

Orzamento de licitación: 377.781,84

Importe desagregado por anualidades (IVE non incluído):

2010: 83.694

2011: 90.518,28

2012: 97.857,60

2013: 105.711,96

O prezo por hora ofertado está dentro do máximo de licitación, así como os importes por anualidades, que están correctamente calculados.

En canto ao estudo de custos que acompaña a proposta, para o cálculo de custos de persoal a proponente aplica o convenio colectivo actualmente vixente para a actividade de axuda a domicilio, asinado o 3 de novembro de 2009 e publicado no DOG nº 31 do 16/2/2010.

O estudo económico presentado é moi breve e incompleto. Reflicte unicamente os custos de persoal previstos segundo convenio e o beneficio empresarial previsto, 11,43%, para o prezo ofertado por hora. Sen embargo, reflicte a previsión de horas de servizo a prestar e a cifra de ingresos prevista para os dous anos de contrato e dous de posible prórroga, e cos datos obtidos nestas previsións a prestación do servizo resulta viable dende o punto de vista económico e financeiro.”

A técnica expón brevemente os aspectos do informe, respecto á valoración das ofertas presentadas e respecto do estudo de custos referido aos dous anos do contrato, máis os dous de posible prórroga, estudo que xustifique a execución do contrato conforme ao prezo/hora ofertado e demais condicións recollidas na oferta.

A Mesa de Contratación, á vista da documentación remitida polos licitadores e do Informe da técnica redactora do estudo económico e financeiro, entende que o único estudo económico que cumpre mínimamente o requirido nos pregos en canto á xustificación da viabilidade da oferta, é o presentado pola empresa PRETO DE TI S.L. e, polo tanto, acorda **desestimar as ofertas presentadas por IDADES S.L. e NA CASA** por incumprimento do disposto na cláusula 13.3.1 dos pregos de cláusulas administrativas particulares: *“A proposición económica irá acompañada dun estudo de custos referido aos 2 anos de contrato (máis 2 de posible prórroga), que demostre a viabilidade da execución do contrato de acordo co prezo/hora ofertado e as demais condicións técnicas e administrativas recollidas nestes pregos.”* A xuízo da Mesa, IDADES S.L., non xustifica mínimamente no estudo de custos a procedencia dos gastos e ingresos previstos, e a valoración de custos de persoal, aportando unicamente un cadro semellante a unha previsión de resultados. NA CASA aporta estudo de custos referidos unicamente a un ano, incumprindo a previsión da citada cláusula que esixe estudo de custos de toda a duración do contrato, prórrogas incluídas.

En consecuencia, a Mesa **propón non valorar as ofertas presentadas por IDADES S.L. e ALDAO GONZÁLEZ SUSANA 000585232X- SLNE (NA CASA)** por non presentar estudo de custos referidos aos dous anos de contrato máis dous de posible prórroga que demostren a viabilidade da execución do contrato de acordo co prezo hora ofertado e por conseguinte, **a adxudicación do contrato de servizos de axuda no fogar do Concello de Moaña á Proposición nº 2, PRETO DE TI S.L.**

A oferta presenta as seguintes características:

Prezo.- **377.781,84** euros (máis 26.444,73 euros de IVE) distribuído nas seguintes anualidades:

Ano 2010: 83.694 euros (máis 5.858,58 de I.V.E.)

Ano 2011: 90.518,28 euros (máis 6.336,28 de I.V.E.)

Ano 2012: 97.857,60 euros (máis 6.850,03 de I.V.E.)

Ano 2013: 105.711,96 euros (máis 7.399,84 de I.V.E.)

Ditas cantidades resultan da multiplicar por (prezo/hora) **10,7300 €** (IVE non incluído) as horas de servizos previstos para cada anualidade no estudo económico-financeiro que

acompaña os pregos de licitación. O prezo efectivo do contrato será o resultante de multiplicar o número de horas de servizo realizadas polo prezo/hora ofertado.

- Persoal destinado á execución do servizo: Unha traballadora social, 15 auxiliares de axuda no fogar (2 contitulación de auxiliar de clínica e 4 tituladas auxiliares de enfermería).

- Inclúe tamén estudo económico-financeiro xustificativo da viabilidade dos prezos ofertados para a execución do contrato e relación de medios materiais.

O Interventor pide que conste en acta a pouca calidade que presentan en xeral os estudos económicos presentados polos licitadores.

O Sr. Alcalde Presidente da por terminada a reunión ás 13,10 horas.”

Vista a proposta da Mesa de Contratación e por unanimidade dos presentes, a Xunta de Goberno ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o servizo de axuda no fogar do Concello de Moaña, á empresa **PRETO DE TI S.L.**, e cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta:

Prezo.- **377.781,84** euros (máis 26.444,73 euros de IVE) distribuído nas seguintes anualidades:

Ano 2010: 83.694 euros (máis 5.858,58 de I.V.E.)

Ano 2011: 90.518,28 euros (máis 6.336,28 de I.V.E.)

Ano 2012: 97.857,60 euros (máis 6.850,03 de I.V.E.)

Ano 2013: 105.711,96 euros (máis 7.399,84 de I.V.E.)

Ditas cantidades resultan da multiplicar por (prezo/hora) **10,7300 €** (IVE non incluído) as horas de servizos previstos para cada anualidade no estudo económico-financeiro que acompaña os pregos de licitación. O prezo efectivo do contrato será o resultante de multiplicar o número de horas de servizo realizadas polo prezo/hora ofertado.

- Persoal destinado á execución do servizo: Unha traballadora social, 15 auxiliares de axuda no fogar (2 contitulación de auxiliar de clínica e 4 tituladas auxiliares de enfermería).

- Inclúe tamén estudo económico-financeiro xustificativo da viabilidade dos prezos ofertados para a execución do contrato e relación de medios materiais.

SEGUNDO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días hábiles seguintes á data da publicación deste acordo no perfil do contratante do órgano de contratación presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 18.889,01 Euros e se lle cita para que no mesmo prazo aporte a documentación requirida no apartado 19 dos pregos, en caso de non telo presentado con anterioridade, acreditación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e Seguridade Social.

TERCEIRO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no Perfil do contratante e notificalo aos licitadores.

19.- CONTRATACION PROFESOR FRAUTA TRAVESEIRA

Dase conta da acta levantada polo tribunal calificador para a contratación dun profesor/a de frauta travesera

Acta nº 2

En data 5 de marzo do 2.010 e ás 4,30 horas reunense os membros do tribunal calificador para a selección dun profesor de frauta travesera para a escola municipal de música, mentres dure a baixa da profesora titular (catro meses aproximadamente), conforme as bases aprobadas pola Xunta de Goberno en data 15/2/10

Presidente: Maria Torea Priegue

Vocais:

David Santiago Diaz (profesor de música)

Angeles Cabeiro Dopico

Maria Jesus Gutierrez Sampedro (profesora música concello)

Secretario:

Jose Rodriguez Veloso

Manifesta o Secretario que a convocatoria de hoxe e para levar a cabo as probas practicas dos aspirantes a esta praza consistentes en

A) Interpretación de dúas obras de estilos diferentes, a elección do interesado/a (máx 15 minutos)

B) Lectura a primeira vista de dúas obras escollida como tribunal (máxi 20 minutos)

C) Entrevista

A puntuación de cada unha das probas como máxima acadará 25 puntos e a entrevista 10 puntos.

Interpretadas e lidas as correspondentes partituras, que obran nos antecedentes das probas, pola única aspirante MARINA RIVAS VALLS, obtén unha puntuación de 20 puntos por cada unha delas.

A entrevista conxiste en preguntas sobre a experiencia nos distintos campos do ensino como practicas a levar a cabo para que os rapaces se enganchen coa música. Tamen se lle pregunta sobre a disponibilidades horaria para poder vir a reunión do claustro algunhos martes pola mañan, manifesta que non haberia inconvinte sempre que sexa de vez en cando, tamen ten libre o luns pola mañan.

A puntuación que se lle otorga pola entrevista e de 7 puntos

Acada en total a aspirante a puntuación de 47 puntos.

Propónse a contratación de MARINA RIVAS VALLS que de non haber reclamación no periodo de 9 o 12 do mes actual será definitiva.

Asimesmo dase conta do escrito do Secretario do Tribunal no que da conta de non haberse producido reclamación algunha durante o periodo establecido polo que a proposta de contratación elevase a definitiva.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda contratar a MARINA RIBAS VALLS, como profesora de frauta travesera, pra a escola municipal

de música, durante o tempo que dure a baixa por maternidade da titular, a partires do 16 de Marzo do 2.010, con un salario de 1.224,32 €; 30,66 € de puntualidade, 104,58 € de p.p.p. verán, 104,58 p.p.p. do nadal.

20.- FURANCHOS

D. JOSÉ CARRERA SANTOMÉ solicita autorización para abrir un furancho para a venda de viño de colleita propia -600 litros- en Miranda-Entrevalos, 143, Moaña, a partir do 15 de abril deste ano. Presenta declaración de colleita e de produción da campaña da Conselleria de Medio Rural.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado a partir do 15 de abril de 2010 e por un período de tres mes, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Conselleria de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.